

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI  
CELEBRADA O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2015.**

<b>ASISTENTES</b>	
	<b>GRUPO POLÍTICO</b>
<b>ALCALDESA:</b>	
D <sup>a</sup> Belén Cachafero Anta.	PP
<b>CONCELLEIROS:</b>	
D Ricardo Villaverde Iglesias.	PP
D <sup>a</sup> María Jesús Sineiro Vidal.	PP
D. Alejo Vidal Moreno.	PP
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP
D <sup>a</sup> Ana Isabel Doval Fraiz.	PS de G -PSOE
D. Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE
D. José Manuel Álvarez Sanmartín	PS de G -PSOE
D <sup>a</sup> María Abilleira Pomar.	F.F
D Roberto Jorge Correa.	BNG
<b>Falta previa excusa:</b>	
D. Vicente Búa Martínez.	PP
<b>SECRETARIA:</b>	
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> Elena Sueiro Fernandez	

En Forcarei a 28 de agosto de 2015, xoves, sendo as doce horas sete minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declárase validamente constituída a sesión.

Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 13/06/2015 E 19/06/2015**

A Sra. Alcaldesa da conta dos borradores das acta correspondentes ás datas sinaladas na orde do día, preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións ás mesmas.

Sometidas a votación, son aprobadas, por unanimidade de membros presentes, as seguintes actas: acta da sesión constitutiva do pleno da corporación de data 13 de xuño de 2015, e acta da sesión extraordinaria organizativa do pleno da corporación de data 19 de xuño de 2015.


**2.- DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS E DECRETOS DE ALCALDÍA.**

Pola Presidencia enténdese dada conta destas resolucións que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, quedando enterada a Corporación Municipal.

**3.- DACION DE CONTA DO ENVÍO DE INFORMES AO MINHAP**

Pola Secretaria Interventora da Corporación dáse conta do envío en tempo e forma dos seguintes ficheiros ó MINHAP:

- Con data 29 de abril de 2015 remitíronse os datos relativos ó ISPA 2014.



- Con data 5 de maio de 2015 e 20 de xullo de 2015 remitíronse as execucións trimestrais do orzamento, 1º e 2ºT do 2015.
- Con data 24 de abril de 2015 e 21 de xullo de 2015 remitíronse os datos relativos ós 1º e 2ºT do PMP, de conformidade co artigo 4.1b da Orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e de conformidade co establecido na DT única do RD 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na LO 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

#### **4.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS DO CONCELLO DE FORCAREI PARA O ANO 2016.**

A Sra. Alcaldesa indica que con data 4 de agosto recibíuse no concello oficio da Consellería do traballo e Benestar solicitando que se remita antes do 30 de setembro proposta de festas locais do concello para o 2016. Propoñense coma todos os anos o luns dos Dolores que coincide o 29 de agosto de 2016 e o día de San Martiño que será o venres 11 de novembro de 2016.

Aberta a quenda de intervencións non se realiza ningunha.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación acorda por unanimidade de membros presentes que supón maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

1º. Propoñer como festas locais do Concello de Forcarei para 2016 as seguintes datas:

- Luns 29 de agosto de 2016- Luns dos Dolores
- Venres 11 de novembro de 2016- San Martiño


2º. Remitir o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar, xefatura territorial de Vigo, servizo de Traballo e Economía Social.

#### **5.- APROBACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS PARA A XUNTANZA DOS MAIORES 2015.**

A Sra. Alcaldesa expón que coma todos os anos vaise realizar a Xuntanza dos maiores, e que compre aprobar o prezo público correspondente á mesma. Á vista do informe de previsión de gastos e ingresos realizado pola Traballadora Social en data 24 de agosto de 2015, e do informe de Intervención de data 25 de agosto de 2015, tendo en conta a Ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de Forcarei publicada no BOP de 10 de maio de 2013, propónse como prezo público para a Xuntanza dos maiores 2015 a cantidade de 12 € por persoa empadroada no concello.

Dª. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE pregunta que pasa cos non empadroados no concello. A Sra. Alcaldesa resposta que non poderán asistir, xa que si se permite a asistencia vai ser imposible saber o número de asistentes, xa que poderían vir moitos, e quen queira asistir pode empadroarse no concello. Dª. Ana Isabel Doval Fraiz sinala que o seu grupo vaise abster, porque entende que fomentar o empadronamento non é impedir a participación na vida municipal, xa que neste concello hai moitos emigrantes retornados que pagan aquí os seus impostos e que son veciños de Forcarei. A Sra. Alcaldesa está de acordo con ela, pero sinala que non hai maneira de distinguir entre os non empadroados emigrantes e a xente doutros concellos que quereda aistir.

D Roberto Jorge Correa, concelleiro polo BNG, integrante do grupo mixto, sinala que se podería articular



doutro xeito, como por exemplo poner un aforo máximo, e que si non se chega a él poderían entrar os non empadroados.

D<sup>a</sup>. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE di que hai tres anos os emigrantes pagaron o menú como os empadroados, e que o ano pasado pagaron o dobre, e que coñece casos concretos de xente que quere ir pola súa vinculación con concello e que así non vai poder. D Roberto Jorge Correa, concelleiro polo BNG insiste en que non entende porque se oponen a establecer un aforo máximo que de non cubrirse posibilitaría a asistencia a non empadroados, ó que a Sra. Alcaldesa resposta que se trata dunha xuntanza conxunta co Concello de Cerdedo, e por ese motivo non se pode limitar o aforo, xa que asisten veciños de dous concellos.

Aberta a quenda de intervencións non se realiza ningunha.

Sometido o asunto a votación resulta:

-Votos a favor: cinco (5), Sres/as Concelleiros/as do PP

-Votos en contra: un (1), Sr. Concelleiro do BNG

-Abstencións: catro (4), Sres/as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE e F.F

O pleno da corporación acorda por maioría o seguinte acordo:


Primeiro.- Propoñer ó Pleno da Corporación o establecemento e ordenación do prezo público para o financiamento do servizo de XUNTANZA DOS MAIORES 2015, con unha tarifa de 12,00.-€ por usuario empadronado.

## **6.- MOCIÓNS**

### **6.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE FESTAS POPULARES**

Con data 30 de xullo de 2015, nº de rexistro de entrada 2951 presentase polo PSdeG-PSOE a seguinte moción:

“



*Socialistas*

**O Grupo Municipal Socialista do Concello de Forcarei** en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación, esta **MOCIÓN**, en base a seguinte:



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia ten unha forte tradición popular vinculada ás festas populares que cada ano se celebran vinculadas ás parroquias. Non obstante cabe destacar que a pesar de haber en Galicia 314 concellos, estes divídense á súa vez en 3.792 sedes eclesiásticas que conforman as denominadas parroquias.


Tan arraigada está a tradición da "festa galega" que en case todas estas parroquias, polo menos unha vez o ano, se celebra unha festividade anual que contén sempre unha actuación musical en directo. É por isto que o número de verbenas en Galicia é superior a 3.000 por ano acadando a cifra de 12.000 actuacións musicais vinculadas a estas celebracións, o que deu lugar a unha industria musical propia e enmarcada dentro deste conglomerado lúdico, festivo e singular que "move máis recursos e xera máis emprego que todas as actividades musicais que se desenvolven hoxe en Galicia".

O xeito de organizar e sufragar estas festas responde, en máis do 90 % dos casos, á promoción, xestión e financiamento por parte dos veciños das respectivas parroquias, que se organizan en comisións de festas, asociacións de veciños, etc. Este é un factor diferencial de organización das festas en Galicia con respecto ao resto de España, xa que fóra da nosa comunidade as festas son organizadas por organismos públicos e non directamente polos veciños. Forcarei, como o resto de Galicia, ten a mesma situación habendo incluso parroquias nas que o esforzo veciñal e o altruísmo dunha comisión contribúe a celebración de dúas festas ao ano.

É por isto que estamos asistindo a unha mobilización masiva do sector que manifesta unha fonda preocupación pola pervivencia desta actividade económica: dende as propias orquestras, os músicos e os promotores, que piden que se leve a cabo unha regulación do dito sector por parte da Administración, que teña en conta as especificidades de Galicia e que non poña en perigo un sector que factura uns 60 millóns de euros e emprega a máis de 7.000 persoas relacionadas co sector do espectáculo. Ademais do

impacto que estas celebracións teñen a nivel social e tamén noutros sectores como son o turismo e a hostalería.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Forcarei presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte



## ACORDO:

O Pleno do Concello de Forcarei insta ó Goberno galego para que se dirixa ó Goberno de España, previo diálogo co sector citado, en demanda dunha regulación fiscal que atenda as súas peculiaridades e dunha revisión da lexislación de espectáculos e das licenzas de actividades correspondentes, hoxe fortemente restritivas da actividade das orquestras e das festas populares.

24 de xullo de 2015

Voceira Grupo Municipal Socialista



## ALCALDESA - PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE FORCAREI


D<sup>a</sup>. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdeG-PSOE, indica que esta moción se presenta a raíz dunha reunión que realizan os interesados no sector con grupos políticos para poñer de manifesto o mesmo que di a moción, para intentar regular o sector, tendo en conta as especificidades de Galicia na celebración destas festas, xa que son moitas as parroquias existentes e tradición da celebración das festas.

A Sra. Alcaldesa da a palabra a D. Alejo Vidal Moreno, concelleiro do PP, para que respoñe. D. Alejo Vidal Moreno expón que entende o sentido da moción, pero non sabe o que se pretende ca mesma. D<sup>a</sup>. Ana Isabel Doval Fraíz indica que a lexislación actual é moi restritiva co sector das orquestras, e que se pretende que se flexibilice, dado o número de parroquias e de festas que se celebran en Galicia. D. Alejo Vidal Moreno sinala que él non entende que o actual réxime de licenzas sexa restrictivo, pedir un seguro ou a ITV dun vehículo, senón que redonda na seguridade da festa, tanto para os veciños como para a propia orquestra. Ana Isabel Doval Fraíz sinala que este verano pecháronse moitos bares de comisións de festas por non ter CIF, contratos de persoal ou licenzas, e que non podemos olvidar que as comisións están formadas por veciños da parroquia que voluntariamente organizan a festa, e que os recursos para a mesma veñen dados polas súas aportacións voluntarias.

A Sra. Alcaldesa di que esta moción vai dirixida ó sector de espectáculos e á industria, e que este sector debe cumprir con facenda o mesmo que o resto de sectores.

Sometido o asunto a votación resulta:

-Votos a favor: tres (3), Sres/as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE



-Votos en contra: cinco (5), Sres/as Concelleiros/as do PP

-Abstencións: dúas (2), Sres/as. Concelleiros/as do BNG e F.F integrando o grupo mixto.

O pleno da corporación acorda por maioría o seguinte acordo:

Rexeitar a moción presentada polo grupo do PSdeG-PSOE en relación cas festas populares.

#### **6.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE, SOBRE APLICACIÓN DA REFORMA DA PAC.**

#### **6.3.- MOCIÓN DO BNG, SOBRE A DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.**

#### **6.4.- MOCIÓN DO PP, SOBRE A DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.**

Antes de entrar no contido destes puntos a Sra. Alcaldesa explica que o Sr. Concelleiro do PP, D Ricardo Villaverde Iglesias, quere facer unha proposta ó resto dos grupos que integran a corporación. Indica o Sr. Concelleiro que entende que terán moita máis forza si todos os grupos se poñen de acordo e presentan unha moción conxunta entre todos.

D<sup>a</sup>. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE, sinala que o seu grupo está disposto a redactar unha moción conxunta e a vir a un pleno extraordinario sen cobrar para tratar este tema. Engade que o a moción presentada polo PP parecele moi tibia, xa que se se debe dar a este tema moita máis implicación.

D. Miguel Pereira Fernández, concelleiro do PSdeG –PSOE sinala que é moi importante estar neste tema por riba da política, e unirse polo ben do concello.

A Sra. Alcaldesa di que está de acordo en olvidarse dos partidos políticos e facer unha moción conxunta polo ben do concello.

D<sup>a</sup> María Abilleira Pomar, concelleira de F.F , sinala que está de acordo co exposto, xa que unha unión así en defensa do sector lácteo lla deben ós veciños.

D. Miguel Pereira Fernández, concelleiro do PSdeG –PSOE insiste en que hai que ir a unha moción a máximos, pedir máximos.


D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, insiste en que para temas como o que se está a tratar é moi importante crear a Comisión especial informativa do agro que o seu grupo xa propuxo no seu día, porque para que funcionen ben as cousas hai que facelas ben.

A Sra. Alcaldesa propón un pleno extraordinario para setembro, para tratar o asunto despois de acordar o texto conxunto. Tras un debate entre os grupos queda fixado o 11 de setembro como día a celebrar o pleno extraordinario para tratar o acordo plenario en defensa do sector lácteo.

### **7.-ROGOS E PREGUNTAS**

A Voceira do PSOE, D<sup>a</sup> Ana Doval, fai os seguintes:

- ¿Como se organizan este ano os desbroces no rural e que parroquias quedan pendentes?
- Roga que se arranxe o socavón que hai na pista municipal en Lamas.
- ¿Como está o tema dos arranxos no pavillón de Forcarei e no resto das instalacións deportivas do Concello?



A Sra. Alcaldesa resposta que en canto ós desbroces se está a facer igual que outros anos, van por parroquias, e se saltan a parroquia si está de festas. En canto ós bacheos en pistas municipais indica que levan anos aglomerando as pistas, pero que aínda non se puido con todas, e que á de Lamas tocaralle cando se poida. Este ano non, como moito un bacheo. Sobre as instalacións deportivas indica que estas teñen moitos anos e que xa saben como están, e que esperan poder facer algo o ano que ven.

D. Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG roga que se apoie á enmenda presentada polo BNG ós orzamentos do estado para que se arranxen as beirarrúas da N541, e que nos orzamentos se dote unha partida para o seu arranxo en Soutelo, así como a mellora da sinaléctica na A-52.

Dª María Abilleira Pomar, concelleira de F.F pregunta polo procedemento de contratación do servizo de limpeza, xa que están reparadas as facturas, e considera que se está poñendo entre as cordas ás traballadoras, polo que se debería axilizar o procedemento.


Dª. Ana Isabel Doval Fraiz, voceira do PSdeG-PSOE, comunica que a tapa da farola da calle da Piscina segue sen reparar, e que xa hai un mes que se avisou.

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, co que se da por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidente, comigo Secretaria, de todo o canto eu, dou fe.

Vtº e Pr.

A Alcaldesa,

Asdo: Belén Cachafeiro Anta



A Secretaria,

Asdo: Mª Elena Sueiro Fernández

